



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN ARTISTAS INTÉRPRETES O EXECUTANTES, EGDPI (AIE) PARA A PARTICIPACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA GALEGOS NA EDICIÓN 2026 DO PROGRAMA AIENRUTA ARTISTAS

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando no seu nome e representación en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E por outra, José Álvaro Hernández-Pinzón García, en calidade de director xeral da Asociación Artistas Intérpretes o Ejecutantes, EGDPI (AIE), no sucesivo, a entidade, con NIF G79263414, con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na escritura de nomeamento de director xeral e poder outorgado o 9 de xaneiro de 2026 ante o notario do Ilustre Colexio de Madrid Francisco Javier Monedero San Martín.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións está a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. Artistas Intérpretes o Ejecutantes, EGDPI (AIE) é unha entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual por transformación da Asociación sen ánimo de lucro fundada o 15 de xuño de 1987 e autorizada polo Ministerio de Cultura en 1989, que ten como





finalidade principal a xestión colectiva dos dereitos de propiedade intelectual dos artistas musicais intérpretes ou executantes.

Pero tamén son fins da entidade a promoción de actividades ou servizos de carácter asistencial ou social e a atención a actividades de formación e promoción deste colectivo, ben directamente ou mediante a colaboración con todo tipo de organizacións e institucións relacionadas coa cooperación no intercambio cultural.

No desenvolvemento da súa actividade, AIE actúa como entidade representativa do colectivo artístico musical, alcanzando unha ampla base social con máis de 40.000 socios en España e no resto do mundo, e xestionando así mesmo repertorios internacionais a través de acordos de reciprocidade con entidades homólogas de todo o mundo, o que lle dá a oportunidade de operar nun contexto global e garantir a protección dos dereitos de centenaes de miles de artistas.

No ámbito internacional, AIE mantén unha extensa rede de acordos de reciprocidade con entidades de xestión de numerosos países, o que lle permite participar activamente en estruturas de xestión global e posicionarse como un actor relevante no ecosistema internacional da propiedade intelectual, contribuíndo á defensa coordinada dos dereitos dos artistas a nivel global.

Xunto á súa función principal de xestión de dereitos, AIE desenvolve unha intensa actividade social, formativa e cultural, impulsando programas orientados ao apoio integral dos artistas en todas as fases da súa carreira, incluíndo axudas asistenciais, programas de formación e proxectos de promoción musical.

Terceiro. Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a entidade destaca o programa de promoción musical e circulación de artistas emerxentes AIE n Ruta Artistas. Trátase dun dos programas estratéxicos da AIE, destinado a facilitar o acceso dos artistas musicais a escenarios profesionais e a impulsar o seu desenvolvemento artístico así como a súa proxección tanto no ámbito estatal coma internacional.

AIE n Ruta Artistas é unha iniciativa consolidada de AIE destinada á promoción, difusión e profesionalización de artistas emerxentes mediante a organización de xiras de concertos en salas de música en directo distribuídas por todo o territorio nacional e que responde á necesidade de facilitarlles aos músicos o acceso a circuitos profesionais de exhibición musical, xerando itinerarios de xira que contribúen ao desenvolvemento da súa carreira artística, a ampliación de públicos e a dinamización cultural. Os resultados acadados en edicións anteriores evidencian o impacto positivo en termos de actividade musical, visibilidade e xeración de públicos.

Cuarto. O programa AIE n Ruta Artistas constitúe unha ferramenta de gran relevancia para o desenvolvemento profesional de artistas emerxentes, ao facilitar o seu acceso a circuitos estables de música en directo en condicións profesionais. E neste sentido, o apoio da Agadac a este proxecto contribúe de maneira directa á consecución dos fins que a normativa reguladora





da Axencia lle atribúe en materia de promoción, fortalecemento e vertebración dos sectores culturais galegos, favorecendo a creación de oportunidades para o talento musical de Galicia.

A través deste apoio, dáse soporte á participación galega no programa, facilitándose a incorporación de artistas emerxentes de Galicia a un circuíto de ámbito estatal, incrementando a súa visibilidade, favorecendo a súa profesionalización e impulsando a súa proxección máis alá do territorio autonómico. Este obxectivo está plenamente aliñado coa finalidade da Agadic de promover a creación cultural galega, apoiar a consolidación das industrias culturais e fomentar a difusión da cultura producida en Galicia, contribuíndo ao mesmo tempo á mobilidade e circulación dos seus profesionais.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, é polo que se asina este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic da participación de grupos de música galegos na edición 2026 do programa AIEnRuta Artistas, que organiza Artistas Intérpretes o Ejecutantes, EGDPI (AIE).

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

A especificidade das actuacións, a exclusividade da entidade, titular da marca AIEnRuta, como organizadora do programa, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con entidades de carácter cultural e corporacións locais no ano 2026, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.





TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

O programa contempla o desenvolvemento da participación de grupos de música galegos emerxentes no circuío AIE nRuta durante o ano 2026, que se concreta nas seguintes actuacións:

- Selección, baseada en criterios de calidade artística e proxección, de seis bandas galegas, tres en cada semestre, e integración na programación estatal.
- Programación de concertos das seis bandas seleccionadas en salas de música fóra da comunidade autónoma de Galicia, coa organización de catro concertos de cada banda e a xestión da produción e loxística que impliquen.
- Difusión e proxección das bandas no ámbito estatal.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 20.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O custo total das actividades obxecto de subvención é de 54.230,10 euros (63.894,30 euros IVE incluído). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 50 % da cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos anticipados non superen os 18.000 euros.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.





SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Levar unha contabilidade separada ou o establecemento dun código específico en relación cos gastos e ingresos vinculados coa subvención.
- g) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírse na documentación e soportes específicos das actividades que se trata





dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027, agás naqueles materiais que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación.

GASTOS SUBVENCIONABLES	IMPORTE sen iva	IMPORTE con iva
1. Persoal	8.210,10	8.210,10
1.1. Custos laborais dun traballador da entidade asignado ao proxecto para os traballos de planificación, coordinación, xestión operativa e administración do proxecto. Impútase ao convenio o 15 % dos custes laborais dos meses de xaneiro a novembro, ambos incluídos.	8.210,10	8.210,10
2. Subministracións	7.620,00	9.220,20
2.1. Insercións publicitarias	3.375,00	4.083,75
2.2. Difusión mensual en prensa especializada e outros medios	3.495,00	4.228,95
2.3. Material gráfico, imprenta e cartelería	300,00	363,00
2.4. Reportaxes fotográficas	300,00	363,00
2.5. Envíos de material de difusión ás salas	150,00	181,50
3. Servizos	38.400,00	46.464,00
3.2. Actuacións bandas galegas (6 bandas x 4 concertos x 1.400€/concerto)	33.600,00	40.656,00
3.4. Apoio en difusión das salas (200 €/ sala x 24 concertos)	4.800,00	5.808,00
TOTAL	54.230,10	63.894,30

2. Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **15 de decembro de 2026**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención,





sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2027.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de pro rata na declaración do IVE.

5. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento. No caso de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, estarase ao indicado no artigo 27.7º d) da Lei de subvencións e no 43.2 do seu Regulamento, que establece que en ningún caso se poderá subcontratar con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria salvo que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente.

No caso de contratación con persoas vinculadas coa persoa beneficiaria, aterase ao indicado no parágrafo anterior para o caso de subcontratación, debendo obterse, así mesmo, a autorización previa da Agadic.

6. Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas de gasto establecidas no orzamento de gastos subvencionables sempre que obedezan a razóns xustificadas e que as actuacións realizadas garden relación directa co obxecto do convenio. Non obstante, a partida correspondente a gastos de persoal non poderá ser incrementada en ningún caso respecto do importe recollido no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 50 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado unha vez formalizado o convenio, logo da presentación da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Solicitude de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se detallen as actuacións que se prevé realizar e o custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das





actuacións efectuadas e tamén daqueles materiais producidos coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027.

2. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades conveniadas, na que se detallarán as desviacións producidas respecto do orzamento inicialmente presentado e as causas que as motivaron.

Así mesmo, a memoria deberá recoller todas aquelas circunstancias, incidencias ou particularidades que resulten necesarias para unha adecuada comprensión da relación clasificada de gastos e da documentación xustificativa achegada.

3. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

No caso de facturas ou outros documentos de gasto que acrediten gastos comúns que non permitan individualizar a parte correspondente á participación galega obxecto deste convenio, tales como insercións publicitarias, difusión en prensa especializada e outras accións de comunicación ou conceptos de natureza análoga, a entidade deberá indicar a porcentaxe de imputación á subvención e o criterio aplicado para a súa determinación. Estes gastos deben identificarse debidamente na relación clasificada de gastos, indicando o importe total da factura e o importe que se imputa ao convenio.

4. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

Admítese a xustificación do gasto mediante factura simplificada nos supostos autorizados pola normativa vixente, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar: número e, no seu caso, serie, data de expedición, datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total e o tipo de IVE aplicado.

Para gastos derivados de colaboracións esporádicas prestadas por profesionais tales como conferencias, cursos, charlas ou similares, poderase admitir o recibo correspondente no que deberán constar nome e o NIF da persoa que realiza a actividade, datos da entidade beneficiaria, concepto, lugar e data de realización, importe, retención correspondente e sinatura da persoa. Debe acompañarse, como o resto dos gastos, das xustificacións bancarias dos pagamentos.

5. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade





beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.

6. Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e a persoa destinataria. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e gastos asociados á viaxe (peaxe, aparcamento e combustible). En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.

7. En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC] e documento acreditativo do ingreso.

8. En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

9. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

10. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

11. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).





- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

12. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

13. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou pro rata) do IVE no seu caso.

14. Con respecto aos gastos do persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto, a entidade debe presentar unha declaración responsable da porcentaxe do tempo efectivamente dedicado ás actividades conveniadas, segundo o admitido na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 15 de decembro de 2026.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.





DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Dirección Xeral da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
 - A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento

Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais





Finalidades do tratamento	Xestión e tramitación das axudas, bolsas e subvencións, convenios nominativos e premios que teñen a tramitación de subvencións.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
Destinatarios dos datos	Consellería de Facenda e Administración Pública. Base de Datos Nacional de Subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.
2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida nos seguintes casos:
 - a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
 - b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
 - c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados





en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.
- No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027 na documentación e soportes de difusión das actividades (agás naqueles materiais en que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.





DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto, e de acordo co artigo 4 da citada lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse





electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

VIXÉSIMA. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E HABILITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

De conformidade coa disposición adicional primeira do Acordo do 24 de xullo de 2012 do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, relativa á delegación de competencias na persoa titular da Dirección do organismo en materia de de axudas e subvencións públicas, delégase no director da Agadic a facultade para adoptar cantos actos e resolucións sexan necesarios para o desenvolvemento, xestión e execución do presente convenio de subvención, tales como as modificacións, aceptacións de renuncias, acordos de inicio e resolucións de procedementos de reintegro e perdas de dereito total ou parcial ao cobramento da subvención.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA POLA AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

José Carlos López Campos
Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POR ARTISTAS, INTÉRPRETES
O EJECUTANTES, EGDPI (AIE)**

José Álvaro Hernández-Pinzón García
Director Xeral

